



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ORQUESTRA VIGO 430 PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO COMPOSTO POR VARIAS ACTIVIDADES DENTRO DO XACOBEO 2021-2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Orquestra Vigo 430, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Orquestra Vigo 430 para a realización dun proxecto composto por varias actividades dentro do Xacobeo 2021-2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que A Asociación Orquestra Vigo 430 ten previsto a realización dun proxecto composto por varias actividades dentro do Xacobeo 2021-2022.

Que Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro do ámbito das súas competencias, vai desenvolver diferentes accións dentro dos valores culturais do Camiño de Santiago aproveitando a celebración do Xacobeo 2021-2022.

Que cómpre ter en conta que a celebración de cada Ano Santo ten unha vertente principal de carácter cultural. Esa vertente debe planificarse e desenvolverse desde a Consellería que ten competencias en materia de cultura, como así vai suceder de cara ao Xacobeo 2021. O apoio á cultura no marco do Xacobeo 2021-2022 materialízase desde a Consellería con competencias en cultura a través da programación dos equipamentos culturais propios; a través da organización directa de ciclos, programacións e eventos culturais; e a través da colaboración con distintas entidades culturais externas de relevancia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características. No ámbito sinfónico a Orquestra Vigo 430, despois da Sinfónica e da Filharmonía é a máis importante de Galicia.

Por todo o anterior é o Asociación Orquestra Vigo 430, que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

